

## NOVAS ESTRATEXIAS PARA O CONTROL DAS HELMINTOSES NOS PEQUENOS RUMINANTES DE GALICIA (FEADER AC2021C-04)

Os principais resultados do proxecto foron os seguintes:

- O test eMM3-COPRO ELISA resultou ser altamente sensible e específico para o diagnóstico da fasciolose ovina. Ademais, permite avaliar a eficacia dos tratamentos en diferentes estadios da infección.
- A detección do coproantíxeno de *F. hepatica* para diagnosticar a fasciolose puido realizarse na maioría das mostras combinadas de feces, tanto nas compostas por 5 como por 10 mostras. Isto permite abaratar custos na detección desta parasitose nos rabaños de ovino. Non obstante, a detección de ovos do parasito en mostras combinadas, tanto de 5 mostras como de 10, apenas alcanzou o 50 % das mostras preparadas.
- Respecto aos nematodos, os períodos de máxima excreción de ovos foron a primavera e o final do verán. No caso dos trematodos, este período coincidiu tamén co mes de agosto, ao final do verán.
- Os principais animais responsables da contaminación dos pastos por ovos de nematodos gastrointestinais son as ovellas no período arredor do parto. Polo tanto, concluímos que o mellor momento para administrar os tratamentos antiparasitarios, para evitar a maior excreción de ovos e, polo tanto, a contaminación dos pastos, era 1-2 semanas antes dos partos.
- A maioría dos antiparasitarios testados neste proxecto mostraron clara eficacia fronte aos parasitos para os que están destinados. Non obstante, o closantel foi ineficaz para o tratamento da haemonchose e o fenbendazol no funcionou nunha explotación para o tratamento da nematodose.
- A valoración da condición corporal e da anemia resultaron de utilidade para detectar os animais cunha maior excreción de ovos de nematodos gastrointestinais.